

DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE DOUS/DÚAS TÉCNICO/AS I BAIXO A MODALIDADE CONTRACTUAL DE PROXECTOS ESPECÍFICOS DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE I+D+I DIRIXIDAS A CONSERVACIÓN E MELLORA DOS RECURSOS XENÉTICOS DO GANDO FRISÓN DE GALICIA NO PERÍODO 2015-2018 E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

O Consello de Administración da sociedade Xenética Fontao, S.A. na súa reunión do día 8 de outubro de 2015, de conformidade coa proposta da Comisión de Selección do proceso selectivo, acordou declarar deserto o proceso selectivo para a contratación temporal de dous/dúas técnicos/as I baixo a modalidade contractual de proxectos específicos de investigación científica e técnica, por non alcanzar ningún aspirante a puntuación de 60 puntos para acceder á segunda fase do proceso selectivo.

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de XENÉTICA FONTAO, S.A., nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Asinado electronicamente por Patricia Ulloa Alonso, presidenta do Consello de Administración

